

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS DE PROXECTOS SUBVENCIONABLES AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PIREP LOCAL

ANTECEDENTES

O 21 de xullo de 2020, os dirixentes da UE alcanzaron un acordo sobre un paquete exhaustivo de 1.824.300 millóns EUR que reúne o marco financeiro plurianual e medidas extraordinarias de recuperación no marco do instrumento «Next Generation UE». O paquete contribuirá á reconstrución da UE despois da pandemia de COVID-19 e apoiará o investimento nas transicións ecolóxica e dixital.

Un dos instrumentos de interese para as entidades locais nos que se concreta de forma pragmática este importante paquete de medidas é o publicado no B.O.E. núm. 60, o venres, 11 de marzo de 2022, polo que se lle da publicidade á Orde TMA/178/2022, de 28 de febreiro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública e a convocatoria para a presentación de solicitudes polo procedemento de concorrencia competitiva no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en diante PIREP LOCAL).

Esta convocatoria ten entre os seus destinatarios aos concellos, permitíndolles, polo tanto, presentar solicitudes de subvención para que poidan financiar actuacións dentro do seu marco competencial en materia de conservación e rehabilitación da edificación, ao amparo do artigo 25.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Tendo en conta a limitación de recursos económicos e humanos das administracións locais, así como a complexidade técnica que supón a redacción de proxectos técnicos que se poidan acoller a estas bases, en aras dos principios de eficiencia e eficacia administrativas, faise aconsellable optimizar recursos para acadar o maior rendemento en proveito do interese público. Por conseguinte, a Deputación de Pontevedra, conscientes destas limitacións e dificultades está disposta a asumir as labores de coordinación e asistencia económica necesarias para posibilitar que os concellos interesados poidan participar nesta convocatoria pública que supón unha importante oportunidade de financiamento para levar a cabo actuacións de rehabilitación sostible de edificios de titularidade e uso público que redundarán en beneficio da cidadanía.

Neste marco, a Deputación de Pontevedra pon en marcha esta convocatoria de subvencións que permitirá aos concellos interesados dispoñer de financiamento para afrontar os traballos de preparación da documentación necesaria para presentar solicitudes de subvención de proxectos de interese municipal na convocatoria do PIREP LOCAL.

Por outra parte, co fin de incrementar de xeito significativo as posibilidades de éxito e dadas as limitacións temporais para a presentación das solicitudes de axudas, propónse partir de proxectos previamente deseñados que poidan ser reconvertidos para acollerse a esta



convocatoria. Por esta razón considérase que o programa REACPON (Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a recuperación post-covid-19), que se centrou especificamente no cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible e as políticas panca nos que se enmarca o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, pode ser un punto de partida ideal para acadar unha maior taxa de éxito dos proxecto. Neste senso, tendo en conta o interese provincial das actuacións que se acolleron ao programa REACPON, estímase que debe primarse a obtención doutros fondos para financiar a súa execución, tal e como se recolleu nas súas bases reguladoras, e que significará un aforro tanto para o concello beneficiario como para a institución provincial, ao reverter nesta a parte proporcional que lle corresponda, motivo polo cal se prima a subvención para este tipo de proxectos. Nestes casos, a subvención que se solicite con cargo ao PIREP LOCAL debe realizarse polo importe máximo subvencionable permitido en función dos gastos elixibles que se recollan no documento técnico, memoria-descriptiva ou proxecto resultantes, que poderá comprender ata o 100% dos gastos elixibles, co fin de acadar a maior eficiencia posible en beneficio do interese provincial que subxace. Esta obriga só poderá excepcionarse por razóns debidamente xustificadas de extraordinaria dificultade técnica e/ou a imposibilidade xustificada de compatibilizar as condicións impostas no Programa REACPON coas esixidas para o PIREP LOCAL.

Non obstante, naqueles casos en que os concellos, dentro do respecto á súa autonomía local, decidan presentar proxectos novos ou readaptar outros proxectos de investimento que non obtiveron financiamento no marco do Programa REACPON, tamén poderán acollerse ás axudas habilitadas pola Deputación como parte da asistencia económica habilitada para todos os concellos da provincia, se ben, tendo en conta que non se dispón de antemán das garantías sobre a inclusión no seu deseño de obxectivos de desenvolvemento sostible e as políticas panca nos que se enmarca o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Polo tanto, sen esquecerse dos deberes e obrigas que os concellos asumirán como verdadeiros responsables de organizar, planificar e executar os traballos de forma autónoma e de xeito proactivo para presentar as súas candidaturas de subvención, estas bases reguladoras e convocatoria pretenden ofrecer unha ferramenta de apoio económico imprescindible para garantir que todos os concellos interesados de menos de 50.000 habitantes poidan presentar os seus proxectos no marco do PIREP LOCAL.

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes:

BASES

PRIMEIRA. OBXECTO

Será obxecto da subvención os gastos, realizados desde o 1 de xaneiro de 2022, derivados das asistencias técnicas que se contraten para preparar a documentación necesaria para a presentación de solicitudes de subvención, así como, no seu caso, a redacción e/ou



adaptación dos proxectos de investimento, que se poidan acoller á convocatoria do PIREP LOCAL publicada no B.O.E. núm. 60 do 11 de marzo de 2022.

Esixirase a acreditación de que se presentou á convocatoria.

En concreto, poderán ser obxecto das axudas as seguintes liñas de subvención:

- **MODALIDADE A – PROXECTOS REACPON.-** serán financiáveis os gastos derivados da asistencia técnica que se contrate para preparar a documentación de solicitude de subvención necesaria e presentala á convocatoria PIREP LOCAL, así como a revisión e adaptación dos proxectos REACPON ás esixencias de dita convocatoria.

Será obrigatorio para todos os concellos que obtiveran unha axuda ao abeiro da convocatoria do Programa REACPON acollerse a esta modalidade, agás nos casos previstos nestas bases.

En todo caso, a documentación que se elabore deberá prever que a adaptación dos proxectos REACPON á convocatoria PIREP LOCAL debe ser compatible coas esixencias e requisitos previstos nas bases reguladoras do Programa REACPON, esixíndose que se tramite a pertinente modificación do acordo de concesión e do convenio en caso de materializarse.

A subvención que se solicite con cargo ao PIREP LOCAL debe realizarse polo importe máximo subvencionable permitido en función dos gastos elixibles que se recollan no documento técnico, memoria-descriptiva ou no proxecto resultantes, que poderá comprender ata o 100% dos gastos elixibles, e dará lugar ao dereito de reintegro á Deputación de Pontevedra pola porcentaxe que lle corresponda no caso de obter o financiamento. Esta obriga só poderá excepcionalmente por razóns debidamente xustificadas de extraordinaria dificultade técnica e/ou a imposibilidade xustificada de compatibilizar as condicións impostas no Programa REACPON coas esixidas para o PIREP LOCAL.

- **MODALIDADE B – OUTROS PROXECTOS.-** serán financiáveis os gastos derivados da asistencia técnica que se contrate para a preparación da documentación de solicitude de subvención necesaria e a súa presentación á convocatoria PIREP LOCAL, así como, no seu caso os traballos de redacción de novos proxectos ou a revisión e adaptación de proxectos distintos aos que obtiveron financiamento no marco do programa REACPON para que os ditos proxectos poidan acollerse ás subvencións da convocatoria PIREP LOCAL.

A esta modalidade poderán acollerse os concellos que non obtiveran financiamento do programa REACPON ou, cando se obtivera o financiamento, non sexa viable adaptar os proxectos REACPON por atoparse nalgún dos supostos excepcionais previstos nestas bases.

SEGUNDA. ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán solicitar estas subvencións tódolos concellos da provincia cunha poboación de menos de 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo, que desexen acollerse a esta convocatoria, que cumpran cos seus requisitos e que non se atopen incursos nas



causas de prohibición para obter a condición de beneficiarios establecidas no artigo 13.2 da LXS e no artigo 10 da LSG.

TERCERA NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

As axudas que se concedan polo procedemento de concorrencia non competitiva ao abeiro desta convocatoria rexeranse por estas bases, de conformidade co disposto na Disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Con todo, para o non previsto nelas aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS), a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e disposicións que a desenvolvan, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPEO), as bases de execución do orzamento provincial e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

CUARTA. REQUISITOS

As entidades beneficiarias da presente convocatoria ademais de cumprir o requisito de poboación especificado na base Segunda, deberán cumprir os seguintes:

- Acreditar a situación de non incorrer nas prohibicións para ser beneficiario de subvencións, así como de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade co establecido no artigo 13, apartados 2 e 3, e no artigo 34.5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Ostentar a titularidade, en réxime de propiedade, do inmovible sobre o que se vai actuar no que se deben dar as condicións previstas polo artigo 5 das bases reguladoras da convocatoria do PIREP LOCAL. O cumprimento deste requisito poderá acreditarse mediante unha declaración responsable).
- Acreditar a presentación en prazo da solicitude de subvención do proxecto para a convocatoria PIREP LOCAL. Este requisito poderá acreditarse no momento da xustificación da subvención, sendo suficiente no momento da solicitude o compromiso de presentar a solicitude de financiamento para o proxecto ao abeiro da convocatoria PIREP LOCAL.
- Acreditar a aprobación do Plan de medidas antifraude de conformidade co establecido na Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro. Este requisito poderá acreditarse no momento da xustificación da subvención, sendo suficiente no momento da solicitude o compromiso de telo aprobado no prazo establecido ao efecto.
- No caso de dispoñer dun proxecto que obtivo de financiamento no marco do programa REACPON, acreditar as razóns de extraordinaria dificultade técnica e/ou a imposibilidade de compatibilizar as condicións impostas no Programa REACPON coas esixidas para o PIREP LOCAL.

QUINTA. FINANCIAMENTO

O financiamento deste programa ascende a un total de DOUSCENTOS UN MIL EUROS (201.000,00 €), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento



provincial do exercicio 2022, imputables contra a aplicación orzamentaria 2022/942.9420.762.99.

SEXTA. CRITERIOS DE CONCESIÓN E CONTÍA DAS SUBVENCIONS

Establécese como procedemento de concesión o de concorrencia non competitiva.

Para a distribución do crédito dispoñible das subvencións desta convocatoria teranse en conta os seguintes criterios:

- MODALIDADE A: Un máximo de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €) por concello
- MODALIDADE B: Un máximo de TRES MIL EUROS (3.000,00 €) por concello

No caso de existir crédito sobrante, poderá procederse ao prorrateo entre todas as solicitudes que cumpran os requisitos ata o tope máximo do orzamento da actuación subvencionable que sinalen na súa solicitude.

O pago destas subvencións queda condicionada á acreditación da válida presentación en prazo da solicitude de subvención no marco da convocatoria PIREP LOCAL no que se deberá incluír a memoria descritiva e/ou proxecto resultante cuxa redacción/adaptación obteña o financiamento con cargo a esta convocatoria de subvencións..

SÉTIMA. FORMA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude para optar a esta convocatoria.

As solicitudes asinadas polos representantes locais presentaranse, debidamente cubertas, especificando a súa denominación concreta, o orzamento e o importe da subvención solicitada, obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.

Ditas solicitudes deberán ser aprobadas mediante un acordo do órgano competente do concello, que indique expresamente a finalidade concreta e a cantidade que se solicita, achegándose este acordo ou unha certificación acreditativa do acordo de aprobación.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

OITAVA. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación das solicitudes de subvencións que se acollan a este programa é de QUINCE (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).



NOVENA. COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Certificación de estar ao corrente coas obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

No caso de que as entidades interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado na solicitude de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar a presentación dos documentos correspondentes.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN

As entidades solicitantes deberán presentar xuntos coa solicitude a seguinte documentación:

1. Certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente (Anexo I), no que se faga constar:
 - a. Que o órgano competente do concello adoptou o acordo de aprobación da solicitude.
 - b. Se actuación para a que se vai a solicitar a subvención do PIREP LOCAL obtivo ou non unha subvención no marco do Programa REACPON.
 - c. Que a finalidade subvencionable é competencia municipal.
 - d. Se o concello obtivo e/ou solicitou calquera outra axuda ou subvención que financien o investimento.
 - e. Que non consta ningunha resolución ou acordo de que o concello está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas públicas.
 - f. Que se adoptou polo órgano competente o compromiso de presentar a solicitude de subvención á convocatoria PIREP LOCAL e que, a máis tardar, o cumprimento deste requisito se acreditará no momento da xustificación da subvención.
 - g. Que se dispón do Plan de medidas antifraude ao abeiro da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, ou se adoptou polo órgano competente o compromiso de aprobación nas condicións establecidas en dita Orde.
2. Declaración responsable de ostentar a titularidade, en réxime de propiedade, do inmovible sobre o que se vai actuar no que se deben dar as condicións previstas polo artigo 5 das bases reguladoras da convocatoria do PIREP LOCAL.
3. Memoria descritiva asinada polo alcalde/sa e un orzamento co IVE incluído e detallado. No orzamento especificaranse coa desagregación apropiada a natureza dos gastos a realizar, derivados dos traballos de redacción e/ou adaptación dos proxectos de obra que se poidan acoller á convocatoria do PIREP LOCAL publicada no B.O.E. núm. 60 do 11 de marzo de 2022, detallando se é posible a súas características, con expresión dos prezos unitarios e totais e calquera outro dato que sexa necesario incluír. Admitirase no



seu caso factura proforma cos mesmos requisitos especificados para o orzamento e debidamente asinada polo/a alcalde/sa.

4. No seu caso, memoria xustificativa asinada polo persoal facultativo competente das razóns de extraordinaria dificultade técnica e/ou a imposibilidade de compatibilizar as condicións impostas no Programa REACPON coas esixidas para o PIREP LOCAL.

O órgano instrutor poderá solicitar calquera outra documentación que se considere necesaria para a válida concesión da subvención, se o considera necesario por non quedar suficientemente acreditado o cumprimento dos requisitos e condicións previstos nestas bases.

Calquera falsidade nos datos presentados dará lugar á perda da subvención concedida, ademais doutras medidas que para o caso poida arbitrar o organismo provincial.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presentase a documentación complementaria de xeito presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

DÉCIMO PRIMEIRA. TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E A SÚA EMENDA

Todos os trámites administrativos posteriores que os concellos deban levar a cabo durante este procedemento realizarase electronicamente a través do formulario “instancia xenérica”, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP requiriráselle ao Concello interesado, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que nun prazo de dez (10) días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, no caso de non facelo, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

DÉCIMO SEGUNDA. NOTIFICACIÓNS

As notificacións de acordos e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Carpeta Ciudadana e da Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorran dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



O sistema remitiralles ás entidades interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DÉCIMO TERCEIRA. COMPATIBILIDADE

As subvencións que se concedan no marco destas bases son compatibles con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade outorgada por esta Deputación ou por outras administracións públicas, sempre que o importe destas sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non se supere o custo da actividade subvencionada.

Para estes efectos, e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d da LXS e no artigo 33 do RLXS, unha das obrigas do beneficiario é a de comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

Todas as alteracións das condicións que se tiveron en conta para a concesión e, en todo caso, a concesión concorrente de axudas por calquera entidade pública ou privada, nacional ou internacional, poderán dar lugar á modificación da subvención outorgada. Neste senso, no caso de que o concello beneficiario obteña financiamento con cargo ao PIREP LOCAL e sexan elixibles os gastos de redacción dos proxectos, poderá dar lugar á obriga de reintegro á Deputación.

DÉCIMO CUARTA. INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN

A presente convocatoria suxéitase ao procedemento de concesión de concorrencia non competitiva. A concesión de subvencións será instruída polo Servizo de Cooperación, correspondéndolle a súa Xefa a realización de oficio das actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Unha vez comprobados os expedientes, e determinados os seus obxectos e importes das axudas, a Xefa do Servizo de Cooperación elevará proposta de resolución e someteraa ao órgano competente, previo informe de fiscalización emitido polo Servizo de Intervención.

A resolución do procedemento correspóndelle ao órgano competente en aplicación das bases de execución do orzamento para o exercicio 2022.

As subvencións que se outorguen ao abeiro deste programa deberán estar integramente concedidas no prazo de 6 meses desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Unha vez notificadas as resolucións ou os acordos de concesión entenderanse aceptados polos concellos salvo que estes expresamente os rexeiten.



DÉCIMO QUINTA. OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Os concellos beneficiarios, en conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigados a cumprir o establecido nestas bases e, en particular:

- A destinar o importe das subvencións outorgadas ao cumprimento total das finalidades que fundamentan a concesión das subvencións
- A realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nestas bases, tendo en conta que deben cumprirse tamén os prazos establecidos para a presentación de candidaturas na convocatoria do PIREP LOCAL
- A someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra, achegando canta información lles sexa requirida no prazo que estableza a institución provincial
- A comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional
- A cumprir a normativa de contratación e a demais normativa que sexa de aplicación

Os beneficiarios deberán darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións subvencionadas. Para estes efectos deberán:

- Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade o apoio dado pola Deputación
- Acreditar a publicidade desde o inicio da actuación subvencionada, indicando as accións de comunicación realizadas, as fotos e demais documentación que se considere necesaria
- Incluír no proxecto final resultante os logos que indiquen que foi subvencionado pola institución provincial

Correspóndelle ao Departamento de Comunicación Institucional dar as instrucións que se deben seguir no relativo á imaxe institucional. Para estes efectos, en www.depo.gal atópanse os modelos normalizados de logos e outras formas de publicidade que se poden empregar.

DÉCIMO SEXTA. XUSTIFICACIÓN E ABOAMENTO

Os beneficiarios deberán ter executadas as actuacións obxecto destas subvencións antes dos prazos establecidos para a presentación de solicitudes de subvención na convocatoria PIREP LOCAL, segundo o tipo da actuación:

- Ata o 25 de abril de 2022 no caso de que a solicitude de subvención se presente á Liña 1 do PIREP LOCAL
- Ata o 9 de xuño de 2022 no caso de que a solicitude de subvención se presenten á Liña 2 do PIREP LOCAL

O prazo de xustificación será de tres meses dende a súa finalización (respectivamente antes do 25 de xullo de 2022 e antes do 9 de setembro de 2022).

Exisirase a xustificación do 100% do orzamento presentado para recibir a totalidade da subvención. No caso de que se xustifique un gasto inferior abonarase a parte proporcional da subvención. Para percibir a subvención as entidades deberán presentar a seguinte



documentación obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>:

1. Conta xustificativa dos gastos na que se determinará o custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, identificando acredor ou documento, importe, data de emisión, se é posible, data na que se pagou e información, no seu caso, das desviacións con relación ao orzamento que serviu de base á concesión (Anexo de conta xustificativa).

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento e non se abonará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

2. Memoria descritiva da realización da actuación subvencionada debidamente asinada polo representante.
3. Xustificante de ter presentado a solicitude de subvención para financiar o investimento resultante da actuación subvencionada á convocatoria PIREP LOCAL. No caso de proxectos REACPON, deberá xustificarse, ademais, que a solicitude de subvención se realizou polo importe máximo subvencionable con cargo ao PIREP LOCAL ou ben acreditar as razóns debidamente xustificadas de extraordinaria dificultade técnica e/ou a imposibilidade xustificada de compatibilizar as condicións impostas no Programa REACPON coas esixidas para o PIREP LOCAL.
4. Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas, debendo corresponder o gasto coa actividade subvencionada, con data comprendida entre o 1 de xaneiro de 2022 e de 9 de xuño de 2022, ambas incluídas, en razón dos prazos permitidos pola convocatoria do PIREP LOCAL para cada tipoloxía de actuación. A xustificación con facturas será, como mínimo, polo importe da subvención concedida.
5. O acordo municipal de aprobación da factura correspondente e, no seu caso o contrato.
6. Certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente, no que se faga constar que se realizou a finalidade para a que se concedeu a subvención e que os gastos que figuran na conta xustificativa se realizaron e se aplicaron á actividade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame, de se considerar oportuno, os xustificantes correspondentes.
7. Certificado expedido pola persoa funcionaria pública competente no que se faga constar que se aprobou o Plan de medidas antifraude ao abeiro da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro.
8. Acreditación da difusión da colaboración da Deputación na actuación subvencionada.

A Deputación poderá solicitar calquera outra documentación que se considere necesaria para a correcta xustificación da subvención, se o considera necesario por non quedar suficientemente acreditado o cumprimento dos requisitos, condicións e obrigas previstos nestas bases.

DÉCIMO SÉTIMA. PERDA DO DEREITO DE COBRO E/OU REINTEGRO

Procederáse ao reintegro e/ou perda do dereito de cobro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, en conformidade con estas bases, nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da LXS.



Serán causas específicas de perda do dereito de cobro ou reintegro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, ademais das xerais, as seguintes:

- o incumprimento da normativa de contratos
- o incumprimento da obriga de presentar a solicitude de subvención no marco da convocatoria PIREP LOCAL na que se inclúa a actuación para o que se conseguiu o financiamento con cargo a este programa
- o incumprimento do deber de comunicar a obtención dunha subvención na que se inclúan como gastos elixibles os gastos subvencionados por esta convocatoria

DÉCIMO OITAVA. RECURSOS

Contra o acordo de aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 123 e 124 da LPACAP), ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, de acordo co disposto no artigo 8 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso no prazo establecido no artigo 46 desta lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

DÉCIMO NOVENA. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitirase o texto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

VIXÉSIMA. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable” dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal> e o consentimento das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.



ANEXOS DA CONVOCATORIA E MODELOS DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Todos os modelos normalizados para solicitar estas subvencións estarán dispoñibles na Sede electrónica da Deputación, <https://sede.depo.gal>

